

O LIBERALISMO POLÍTICO DE LOCKE

John Locke, considerado o pai da tradición empirista e do liberalismo político é un pensador británico do século XVII, no que se consolida o período coñecido como a modernidade. O Renacemento (ss. XV-XVI) marcará o inicio desta etapa da historia europea, na que a visión premoderna do mundo sostida no saber revelado da Biblia e certas visións limitadas dos grandes pensadores da antigüidade, comeza a desmoronarse. No chamado Século das Luces (sec. XVIII) o credo moderno, empeñado na idea de fundar na razón o pensamento e a conduta, acadará a súa madurez.

Debemos contextualizar o pensamento político de Locke no contexto intelectual marcado pola tradición que estamos a sinalar, pero á vez cómpre ter en conta que responde dunha maneira moi concreta ás controversias políticas que lle tocou vivir. Na Inglaterra do século XVII, antes que na Europa continental, asístese a unha loita entre o poder absoluto do monarca —sustentado na doutrina da orixe divina do poder— e o Parlamento, que pretende controlar os poderes do Estado.

Coa chegada ao trono de Xacobe I Estuardo, o Parlamento opúxose a súa liña de goberno absolutista apoiada na orixe divina do poder. Sucédelle Carlos I, quen se enfrontou ao Parlamento e perseguiu aos puritanos, logrando que a oposición política e relixiosa se uniran. Iníciase a guerra civil. Cromwell sitúase ao fronte das forzas contrarias ao monarca. Ao fin da guerra, Carlos I é decapitado. Tras un período de goberno de Cromwell, restáurase a monarquía na persoa de Carlos II. Nesta época, Locke tivo que exiliarse a Holanda, debido ás súas ideas liberais e a súa colaboración con Lord Shaftesbury, que se enfrontou ao monarca. Regresa a Inglaterra durante o reinado de Guillerme III de Orange.

É neste contexto que se elaboran as **teorías contractualistas** de Hobbes e Locke, que conciben o poder político como resultado dun contrato establecido polos homes. As teorías do contrato Social, foron unha nova forma de lexitimación do poder político que non podía recurrir xa á lexitimación por orixe divino. Destacan 3 descrições dese “contrato social” que sustentaría o acordo entre os seres humanos e, xa que logo a construción da sociedade e a elección dos gobernantes: a teoría de Tomas Hobbes, a Teoría de Jhon Locke e a teoría de Rousseau, en Francia.

O primeiro en desenvolver unha teoría do contrato foi **Tomas Hobbes** (1588-1679), na súa obra *Leviatán*, expón as regras que rexen a conduta humana. O corpo e a mente humana non son máis que máquinas, e as súas reaccións son producidas polas súas paixóns. Hobbes explica que a conduta humana réxese polo instinto de conservación e a necesidade de conseguir o pracer e evitar a dor. Nun hipotético **estado de natureza**, todos homes son iguais e a nocións de ben e mal non terían sentido, porque onde non hai máis lei que a lei natural de sobrevivir, non pode haber transgresión á lei e, polo tanto, non haberá inxustiza.

A sociedade xurdiría así, segundo Hobbes, da necesidade dos homes de crear un clima de seguridade que lles permita satisfacer o seu desexo de unha vida comfortable e a eliminación do temor a unha morte violenta. As persoas libremente ceden algúns dos seus dereitos, os menos posible, para que a súa vez os outros membros da sociedade cedan algúns dos seus no seu beneficio. Xorde así un pacto ou **contrato social** (que se da por suposto, pero que nunca foi feito explicitamente), polo cal o Estado ou República se compromete a protexer os seus membros e ás súas propiedades.

O pacto social, segundo Hobbes, só pode manterse se está apoiado nunha forza maior que a de calquera dos seus membros. Segundo el, calquera membro da sociedade que poida illarse da sociedade, porque teña máis forza que ela, farao en canto teña algún interese en facelo, por iso o único xeito de evitar que os individuos transgridan as leis sobre as que se fundamenta a sociedade, será establecer un modo de goberno no que as consecuencias desta infracción non interesen aos individuos. Isto só pode lograrse se todo o mundo está de acordo en delegar o poder nunha autoridade con poder absoluto sobre os seus membros. O modo de goberno defendido por Hobbes será a monarquía ou no seu defecto o goberno de unhas poucas persoas.

Porén non todo o pensamento da Época partía da base dunha visión negativa e egoísta do ser humano. Na súa obras *Dous Tratados sobre o goberno civil* (1690), Locke exponnos unha visión algo distinta do ser humano e a sociedade, máis achegada aos ideais ilustrados.

John Locke, desenvolve, como Hobbes, a ficción dun estado previo á sociedade, pero, a diferenza de Hobbes, preséntanos un individuo dotado de razón e conciencia e non unha simple maquina dirixida polas

súas paixóns. O ser humano para Locke está dirixido polas súas paixón e desexos, pero é capaz por medio da **lei natural** (moral) de establecer por si mesmo pautas de convivencia cos demais. No **estado de natureza** os homes poden vivir e traballar usando os ben naturais, pero esta situación non é doada de manter. O estado natural non permite o progreso humano, porque os dereitos dos individuos as súas posesión non teñen a estabilidade necesaria. A necesidade de impor as institucións de propiedade que permitan o progreso humano, fai que os homes decidan libremente unirse en sociedade.

Locke entende que a base do progreso humano está na propiedade, porque só o interese en preservar e aumentar esa propiedade fai que os homes traballen para conseguilo. A teoría política de Locke basease nunha teoría da propiedade contraria á que se presentaba durante a Idade Media. Nun mundo dominado polo poder relixioso, o individuo non tiña máis dereitos que os que Deus lle outorgaba. Deus deixou en man dos seres humanos (en común) a terra e todos os seus bens. Esa propiedade común deslexitimaba o afán de posesión e de acaparar propiedades en detrimento de outros que é a base do capitalismo.

O xurdimento do mercantilismo e o capitalismo precisaba fundamentarse nunha teoría da propiedade distinta. Locke toma o mesmo punto de partida: A terra e os seus ben son outorgados por Deus aos seres humanos, pero as súas conclusións van ser distintas. Locke comeza por afirmar que a primeira propiedade dunha persoa é a propiedade de si mesma e, polo tanto do seu propio traballo. Ninguén fora da propia persoa ten dereito sobre el, sobre o traballo do seu corpo e sobre a obra que este traballo produce. Este traballo realizase sobre a base común dos bens da terra, de xeito que os individuos aprópiáanse de parte do que é común, coas únicas limitación de deixar algunha parte destes bens para os demais (pois todos os individuos teñen dereitos á súa conservación), e de non desaproveitar ningún destes bens.

A aparición do diñeiro produce que ese desaproveitamento que limitaba a apropiación que os individuos puidesen facer dos bens naturais non tivese límites. En condicións pre-mercantís o persoa non ten desexos, segundo Locke de apropiarse de máis bens que os necesarios para sobrevivir, pero trala aparición dos cartos ese desexo de aprovisionarse do necesario para o consumo, ampliase cara á a previsión para o futuro, de xeito que os homes comezan a acaparar. O obxecto dos cartos non é só facilitar o intercambio de produtos, senón que o seu obxectivo fundamental é servir de **capital**.

Esta postura de Locke inaugura o xeito de pensar capitalista. **Un individuo é libre** de usar as súas propiedades, mesmo o seu traballo como queira, mesmo pode vendelas ou intercambialas. O dereito sobre a propiedade reside no esforzo que se puxo ao conseguila, e na liberdade de dispor dela libremente. Deste xeito o individuo é responsable en exclusiva da súa calidade de vida, sen que poda pedir a outros (mesmo ao Estado) ningunha responsabilidade ao respecto. Este é o principio do modo de vida capitalista: o dereito a alienar o propio traballo.

Locke entende, ao contrario que Hobbes, que o individuo non renuncia a todos os seus dereitos individuais ao pasar a formar parte da sociedade. Mentres para Hobbes, os dereitos só existían como concesións do Estado, para Locke o fundamento do estado está no conxunto da sociedade, e esta pode, cando non cumpre coa súa misión de protexer os dereitos naturais dos individuos, retirarlle o poder, mesmo pola forza.

A finalidade principal dos individuos para situarse baixo a autoridade dun goberno é a conservación das súas propiedades. A visión do estado de Locke é similar á de unha sociedade anónima, na que todos os socios deben considerarse propietarios. Locke considera que todos os individuos son membros da sociedade, pero só aqueles que teñen propiedades son membros de pleno dereito. Neste sentido, respecto aos individuos que só posúen a súa forza de traballo, di que estes están sometidos pola lei pero, a representación do poder político recaerá nuns órganos de representación, formados por individuos propietarios, sen os cales a sociedade non podería subsistir. Estes representantes, son elixidos polos demais propietarios polo sistema de maioría. Ante a vontade da maioría, deben decaer os intereses individuais, tamén os de aqueles que non interviñeron na decisión (os non propietarios).

Locke propón unha teoría da **democracia representativa** como modelo de goberno. Pero é unha democracia restrinxida só a un sector da sociedade, mentres que o resto só será obxecto de dereitos e non suxeito activo dos mesmos. Unha das razóns que leva a Locke a propoñer esta democracia restrinxida é a sospeita de que se todos os membros da sociedade (mesmo os non propietarios) participaran no poder político, non habería garantía de que se mantiveran as institucións de propiedade existentes.

Por suposto Locke foi o primeiro en asumir que un Estado dedicado a protexer deste xeito aos seus

membros ten un custo elevado e que todos os membros deberían contribuír a sufragalo contribuíndo en proporción as súas propiedades.

As teorías políticas de Hobbes e Locke e a súa formulación do contrato social e o liberalismo e individualismo van conformar o pensamento político dos séculos vindeiros e terán moita influencia, non só en pensadores posteriores como os ilustrados franceses (Rousseau ou Diderot) ou os utilitaristas (Bentham e Mill), senón tamén en cambios sociais como a Revolución Francesa ou a Constitución dos Estados Unidos de América. Moitos dos principios que deseñaron acerca de como debían comportarse as institucións políticas e como se definían e garantían os dereitos individuais e colectivos, están presentes hoxe en día nas nosas teorías e quefaceres políticos.

Ademais, o poder do Estado non pode estar concentrado nos mesmos representantes (contra o absolutismo). Ben ao contrario: a garantía de que non se produza abuso de poder radica nunha estrita división do mesmo en tres ámbitos diferenciados que deben ser exercidos por persoas distintas. A división de poderes estrutúrase como segue:

1. O poder legislativo constitúe o poder supremo en sentido estrito (Asemblea), pero non é un poder absoluto: ten que responder da confianza posta nel e respectar a lei moral natural...

2. O poder executivo é o encargado de realizar os mandatos do legislativo.

3. O poder federativo é o encargado da seguridade do Estado e das relacións co exterior. (Nota: para Locke o poder xudicial non é un poder independente, sendo só un aspecto do executivo).

Un goberno disolverase sempre que se dalgunha das seguintes situacións:

a) Disolución por causas externas: cando a sociedade que goberna non poida perdurar ao ser conquistado o Estado por un Estado inimigo.

b) Por causas internas:

- Sempre que o legislativo sexa modificado arbitrariamente ou sometido a un poder absoluto que lle impida actuar libremente.
- Se o posuidor do poder executivo é incapaz de poñer as leis en vigor.
- Se o executivo ou o legislativo obran contrariamente ao mandato encomendado.

Cando un goberno queda disolto por calquera destas causas a rebelión dos súbditos queda xustificada...